

#### RECORDATORIO DE NORMAS DE SPORT IDENT:

LIMPIAR E COMPROBAR TARXETA NA SAIDA.

¡CUIDADO CON DESCALIFICAR POR NON ESPERAR PITIDO E LUZ NA ESTACIÓN.

SEGUIR A ORDE NUMÉRICA DE CONTROIS NO PERCORRIDO CORRESPONDENTE. Por exemplo, si se pica a 4 antes da 3, non se descalifica si se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e se sigue coa 5, 6, etc.

É OBRIGADO PICAR NA ESTACIÓN META, E DESPOIS DESCARGAR NA ESTACIÓN-DESCARGA EN SECRETARÍA. Así se comproba que non queda ninguén "perdido" polo monte.

# DEPORTE DE ORIENTACIÓN CLUB FLUVIAL DE LUGO

## POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT

Resumen do *PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN ANTE POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT* (FEDO)

### 1. CORREDOR QUE NON DESCARGA A SÚA TARXETA (PINZA) SPORTIDENT Ó REMATAR.

**Todo corredor debe picar o punto meta SportIdent (doble círculo no mapa) e posteriormente ir a descargar a súa tarxeta (pinza) donde esté previsto pola organización.**

En todo caso, aceptárase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas hasta que sexa ó cerre de meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados FORA DE CONTROL.

### 2. CORREDOR QUE NON LIMPA A SÚA TARXETA NA SAÍDA.

**É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación SportIdent correspondente) a súa tarxeta.** Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sin memoria nela, e chegue a meta con *picadas* no mapa por ese motivo, será descalificado por ERROR EN TARXETA.

O sistema de pinza manual só é válido si a estación *SIdent* se estropeu. Algo similar sucede coa baliza checa, que só é válida si desaparece todo o sistema de control da baliza (estación e pinza tradicional).

### 3. CORREDOR Ó QUE LLE FALTA ALGÚN PUNTO DE CONTROL NA TARXETA

**Será automáticamente descalificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e/ou a luz da estación ó introducirlle a pinza *SIdent*.**

Esta descalificación inclúe tódalas posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non da luz nin pitido, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

### 4. CORREDOR QUE ENTRA EN META E NON PICA.

Todo corredor que entre en meta e non pica o *punto meta*, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sin picar, non pode volver ó terreo.